

Ref.- AEG/xps
144-19

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A “REAL ACADEMIA DE MEDICINA E CIRURXÍA DE GALICIA”.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade e a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia subscribiron con data 2/4/19 un convenio de colaboración.

Consonte o Decreto 373/2003, do 16 de outubro, sobre a asunción por parte da Comunidade Autónoma de Galicia de funcións en materia de Academias e a súa asignación aos distintos departamentos da Xunta de Galicia, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia quedou adscrita á Consellería de Sanidade, correspondéndolle a esta o exercicio das funcións determinadas no xa citado Decreto 392/2003, do 23 de outubro, así coma outras inherentes á adscrición producida.

O convenio subscrito ten por obxecto establecer a colaboración da Consellería de Sanidade no financiamento do funcionamento da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, para asegurar a contribución desta o estudio e investigación das ciencias médicas a través de accións e actividades científicas que esta corporación de dereito público ten recoñecidas nos seus estatutos e leva a cabo en beneficio do interese xeral.

Que o instrumento convencional citado anteriormente ten por obxecto establecer a contribución da Consellería de Sanidade no financiamento a actividade da Real Academia adscrita, con cargo á dotación nominativamente establecida para o exercicio 2019 nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional, xa que dado o interese público, social, humanitario e económico das actividades obxecto deste convenio, e o seu carácter singular inherentes á propia existencia da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia segundo se recollen nos seus estatutos, non procede a realización de convocatoria pública.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O secretario xeral técnicos

Alberto Fuentes Losada.